

PRONOMES

Ao igual que vimos en castelán, en galego tamén temos pronomes demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais e interrogativos e exclamativos (lembra que estes dous últimos non deben levar acento en galego). Sabemos tamén que, ademais de pronomes, todas as clases de palabras anteriores poden funcionar como determinantes cando acompañan a substantivos (nomes).

Outra clase de pronomes que, nunca poden funcionar como determinantes, son os pronomes persoais. As súas formas en galego son as seguintes:

Os **pronomes persoais** son palabras que nomean persoas, animais ou cousas **sen dicir o seu nome**. Poden ser **tónicos**: *eu, ti*, ou **átonos**: *me, te*. Teñen as seguintes formas:

		Singular	Plural
1. ^a persoa	tónicos	eu, min, comigo	nós, connosco
	átonos	me	nos
2. ^a persoa	tónicos	ti, vostede, contigo	vós, vostedes, convosco
	átonos	te, che	vos
3. ^a persoa	tónicos	el, ela	eles, elas
	átonos	o/lo/no, a/la/na, lle	os/los/nos, as/las/nas, lles

É necesario prestar especial atención nos seguintes aspectos sobre o pronome persoal en galego.

1. As preposicións **EN** e **DE** contraen co **pronome persoal tónico de terceira persoa**:

	EL	ELA	ELES	ELAS
EN	nel	nela	neles	nelas
DE	del	dela	deles	delas

✓ Exemplos:

NELA está todo o que eu busco (NON: **En ela está todo o que eu busco*).

DELES depende que isto saia ben (NON: **De eles depende que isto saia ben*).

2. Concorrencia de formas átonas:

	O	A	OS	AS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas
NOS	nolo	nola	nolos	nolas
VOS	volos	vola	volos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

✓ Exemplos:

Regaloume os cadros → *Regalou**mos***.

Regaloulle os cadros → *Regaloul**los***.

Regaloulles os cadros → *Regalóul**lelos***.

3. Normas para a colocación dos pronomes persoais átonos:

- Non poden nunca iniciar unha oración: **Te vin* (*Vinte* é a forma correcta).
- Polo xeral, van despois do verbo: *Díllelo*. *Saudoume*.
- Colócanse antes do verbo:
 - Nas oracións negativas: *Eu non o fixen*.
 - Nas oracións interrogativas e exclamativas introducidas por pronomes e adverbios deste tipo: *Que lle fas?* *Cando te vas?* *Quen che dera!*
 - Nas oracións desiderativas (expresan desexo): *Deus te oia*. *Oxalá me chame*.
 - En oracións nas que aparecen conxuncións como *que*, *porque*, *se*...: *Ela díxome que llo dera*. *Marchei porque me tratou mal*. *Nunca sei se me entende*.

- Cando o verbo vai precedido de determinados adverbios (*xa, axiña, aínda, mesmo e ata* ('incluso'), *sempre, tamén, seica, ben...*): Xa te verei mañá. Nós tamén o vimos.
- Cos indefinidos *ninguén, nada, ningún/ningunha, alguén, algo, ambos/as, bastante, calquera, todo, todos/as*: Alguén me di a verdade.

1. Completa coas formas dos pronomes persoais correspondentes:

- Lévame (con + ti) _____ cando vaías de excursión.
- Xoán sempre vén (con + eu) _____ cando vou de viaxe.
- Antía non pode vir (con + nós) _____.
- Xulia sempre leva (con + ela) _____ o teléfono móbil.
- Encantaríame quedar (con + vós) _____, pero teño que marchar.
- Cando viaxan, sempre levan os nenos (con + eles)_____.

2. Substitúe as expresións subliñadas polos pronomes persoais:

- Ti e túa irmá sodes moi simpáticas.
- Xoana e Lucía son amigas desde a infancia.
- El e ela van xuntos todas partes.
- Ela e eu pasaremos xuntos as vacacións.
- Ti e eu temos parecidas afeccións.
- Mario e ti vivides na mesma vila.

3. Enche os ocos coas contraccións oportunas:

- Abre o caixón: (en)_____ atoparás un regalo.
- Xa non me lembro (de Paco)_____.
- Ves esa casa de aí? (en)_____ vivo eu.
- Estes obxectos non son teus, son de teus irmáns. Son (de) _____.
- Podes ir con Sandra e mais Sabela. (En) _____ podes confiar.

4. Substitúe os elementos subliñados polo(s) pronome(s) persoais átonos correspondente(s) e fai os cambios que cumbran:

- Dei a Estevo a noticia.
- Dei a Daniel e María unha carteira para que lla levasen ao seu pai.

- Nunca dixeron a nós a hora da eclipse.
- Instalaron a Guillerme o televisor antonte.
- Se queren, conto a vostedes o segredo.
- Non poñas a máquina nesa mesa.
- Presta a túa irmá o peite.
- Contaron a ti o do coche.

5. Coloca o pronome persoal átono indicado no sitio que lle corresponda e fai os cambios que sexan necesarios:

- Non chegou a carta aínda? (che)
- Pois aínda chegou hoxe. (me)
- mandei hai dez días. (cha)
- Onte vin na festa. (te)
- Os paquetes levei hoxe pola mañá. (llos)
- Cando dixeron non podíamos crer. (nolo/o)
- Empresteiche o libro para que leras (o)
- O exercicio que mandaron facer é moi difícil. (me)
- Quen dixo? (volo)
- Eu tamén coñezo Son veciñas miñas. (as)
- dixeron que hoxe non tiña tempo. (lles)
- Velaquí tes (a)
- Demasiado azucre fai mal. (che)
- Todos dixeron que tiña razón. (me)